



Ana Patricia Torres Madureira, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Popular na Deputación de Ourense, con base ao previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de Base Reguladora do Réxime Local e o Regulamento da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN EN DEFENSA DO SECTOR AGRARIO E GANDEIRO DA PROVINCIA ANTE A POLÍTICA AGRARIA COMÚN (PAC) E O ACORDO COMERCIAL ENTRE A UNIÓN EUROPEA E O MERCOSUR**, para o seu debate no pleno da corporación, tendo en conta a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Ourense, como forza maioritaria e como partido comprometido historicamente coa defensa do medio rural e do sector primario, manifesta a súa profunda preocupación pola grave situación que están a atravesar os agricultores e gandeiros da provincia, unha realidade que se fixo especialmente visible a través das mobilizacións e tractoradas desenvolvidas nas últimas semanas na cidade de Ourense e en distintas comarcas do territorio provincial.

Estas protestas non son un feito illado nin puntual, senón a expresión dun malestar sostido, profundo e xeneralizado dun sector estratéxico para a economía, o territorio e a cohesión social da provincia, que se sente cada vez máis afogado por políticas agrarias, comerciais e normativas alleas á realidade do rural galego e ourensán.

O sector primario de Ourense enfróntase hoxe a unha conxunción de factores que están a poñer en risco a súa viabilidade: o incremento continuado dos custos de produción (enerxía, combustibles, fertilizantes, pensos), a presión burocrática derivada da actual Política Agraria Común (PAC), a incerteza sobre o futuro das axudas europeas e a sensación de desprotección fronte á competencia exterior.

Neste contexto, os agricultores e gandeiros da provincia teñen manifestado de forma clara o seu rexeitamento ao acordo comercial entre a Unión Europea e o



Mercosur, ao considerar que permite a entrada de produtos agroalimentarios procedentes de terceiros países con esixencias ambientais, laborais e sanitarias moi inferiores ás que se lles impoñen aos produtores europeos, xerando unha competencia desleal que ameaza directamente a supervivencia das explotacións galegas e ourensás, maioritariamente pequenas e familiares.

Así mesmo, o sector denuncia a persistencia de prezos en orixe por debaixo dos custos reais de produción, unha situación que fai inviable o mantemento das explotacións e que evidencia a falta de aplicación efectiva da Lei da Cadea Alimentaria, que debería garantir que ningún produtor venda a perdas e que exista un reparto xusto do valor ao longo da cadea agroalimentaria.

Outro dos eixos centrais das protestas é a crítica á actual configuración da Política Agraria Común, cualificada polos profesionais do sector como excesivamente burocrática, pouco adaptada ao modelo produtivo galego e afastada das necesidades reais das explotacións familiares. A carga administrativa, os requisitos ambientais mal dimensionados e a complexidade dos procedementos están a provocar desánimo, abandono da actividade e dificultades crecentes para o relevo xeracional.

A estas problemáticas engádense as preocupacións relacionadas coa sanidade animal, a xestión de enfermidades, os danos provocados pola fauna salvaxe, a insuficiencia das compensacións e a falta de políticas decididas de apoio ao rural que garantan servizos, infraestruturas e condicións de vida dignas para fixar poboación no territorio.

A estas dificultades súmase a falta de actuación da Confederación Hidrográfica Miño-Sil nas tarefas de limpeza, conservación e mantemento dos cursos fluviais, ríos e regatos da provincia, competencias que non dependen das administracións locais nin da Deputación, pero cuxa inacción ten consecuencias directas e graves para o sector agrario. A acumulación de vexetación, sedimentos e restos nos leitos fluviais incrementa de maneira notable o risco de desbordamentos en episodios de choivas intensas, provocando danos en fincas



agrícolas e gandeiras, destrución de peches fixos e electrificados, arrastre de terras, afectación a infraestruturas viarias e atrancos en pontes, xerando perdas económicas e inseguridade para os produtores.

A provincia de Ourense, cun forte peso do sector primario na súa estrutura económica e social, non pode permanecer allea a esta realidade. A desaparición progresiva das explotacións agrarias non só suporía a perda de actividade económica, senón tamén o avance da despoboación, o abandono do territorio, o aumento do risco de incendios forestais e a ruptura do equilibrio social no rural.

Por todo isto, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Ourense considera necesario manifestar o seu apoio explícito aos agricultores e gandeiros da provincia, recoñecer a lexitimidade das súas reivindicacións e promover unha iniciativa institucional que inste ás administracións competentes a actuar con responsabilidade, sensibilidade e eficacia para garantir o futuro do sector primario.

A defensa do campo ourensán é unha cuestión de xustiza, de equilibrio territorial e de responsabilidade co futuro da provincia.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes

ACORDOS:

1. Manifestar o apoio explícito e institucional da Deputación de Ourense aos agricultores e gandeiros da provincia, recoñecendo a lexitimidade das mobilizacións e das reivindicacións formuladas en defensa da viabilidade do sector primario.

2. Instar ao Goberno de España a que defenda ante as institucións europeas os intereses do sector agrario galego e ourensán e a que se opoña á ratificación do acordo comercial UE–Mercosur nos termos actuais, mentres non se garantan condicións de competencia xusta e igualdade de esixencias sanitarias, ambientais e laborais.



3. Instar á Xunta de Galicia a intensificar as medidas de apoio ao sector primario, especialmente no ámbito da sanidade animal, a prevención de enfermidades, as compensacións por perdas e o control da fauna salvaxe que afecta ás explotacións.
4. Instar á Confederación Hidrográfica Miño-Sil a cumprir de maneira inmediata e efectiva coas súas obrigas de limpeza, conservación e mantemento dos ríos, regatos e cursos fluviais da provincia de Ourense, co fin de previr desbordamentos, evitar danos nas explotacións agrarias, nos peches e nas infraestruturas públicas, e garantir a seguridade das persoas e a protección da actividade agraria e gandeira, así como a establecer un plan periódico de mantemento preventivo dos cauces.
5. Reclamar unha reforma da Política Agraria Común (PAC) que reduza a burocracia, simplifique os procedementos administrativos e se adapte á realidade do modelo produtivo galego, garantindo que as axudas cheguen de maneira efectiva ás explotacións familiares.
6. Esixir o cumprimento efectivo da Lei da Cadea Alimentaria, garantindo que ningún produtor venda por debaixo dos custos de produción e que exista un reparto xusto do valor ao longo da cadea agroalimentaria.
7. Solicitar medidas específicas de apoio ao rural que contribúan á fixación de poboación, á mellora dos servizos básicos e á sustentabilidade económica das explotacións, como ferramenta esencial para loitar contra a despoboación e o abandono do territorio.
8. Dar traslado destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia e ás institucións europeas competentes, para o seu coñecemento e efectos oportunos.



DEPUTACIÓN
DE OURENSE

Ourense, 8 de xaneiro de 2026.

Asdo. Ana Patricia Torres Madureira.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE